

mostrart

ARTESANÍA  DE GALICIA



>NOTA DE PRENSA

A Coruña 26/07/11

Chega Mostrart 2011 a Coruña

Do 30 de xullo ó 15 de agosto

Xardíns de Méndez Núñez

A feira de artesanía máis importante de Galicia e con maior número de expositores volve os Xardíns de Méndez Núñez do 30 de xullo ó 15 de agosto como en anos anteriores na Avenida da Marina, acera dos Xardíns de Méndez Núñez, en pleno centro da cidade.

Nesta XXVII edición contará con 46 casetas que acollerán a 58 expositores (algúns deles participan só ata o día 7 e outros do 8 ó 15 de agosto), todos eles procedentes de Galicia, excepto catro invitados que chegan de Ponferrada (León), Barasona (Huesca), e dous de Zaragoza.

Ademais participan por primeira vez 8 novos artesáns e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que contará con un stand para a promoción da marca Artesanía de Galicia.

Mostrart está organizada pola Asociación Galega de Artesáns, conta cun presuposto de 77.600 euros, e ca colaboración do Concello de A Coruña, a Deputación Provincial da Coruña, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña, a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, que sufraga 30.000 eur dese coste total.

Na páxina **www.mostrart.org** podese acceder ó listado completo de expositores con todos os seus datos, ou consultar o enlace de Googlemaps para coñecer a localización exacta da feira, ademáis do histórico dos últimos catro anos.

Mostrart é o acontecemento central da artesanía galega e o seu maior escaparate, no que se pode coñecer os artesáns e achegarse os centos de excelentes produtos que realizan nos seus obradoiros durante todo o ano.

Estamos a vosa disposición para calquer información adicional:
asociacion@galegdeartesans.org

T **981 293 688** (de 9 a 14 h) · M **639 953 401** (Manuel González)

www.galegdeartesans.org